

⊙ VAL DAS MOURAS

Presenta novo disco: **A XUSTIZA POLA MAN**



A formación pop-folk de raíces atlánticas **O Val das Mouras** presenta o seu segundo traballo discográfico, '**A xustiza pola man**', un disco máis ecléctico e reivindicativo que o anterior, onde a banda segue a pór música aos poemas de Rosalía de Castro.

Dende a publicación de '**Rosalía**' (2015), participaron en festivais como o **Barnasants**, **La Fira Mediterrània de Manresa** ou o **Festival do Castro** e compartiron escenario con artistas como **Cristina Pato**, **Luar na Lubre** ou **Ses**, ademais de xirar por Galicia en dúas ocasións. A presentación de **A Xustiza pola Man** esgotou entradas no Auditorio Barradas (L'Hospitalet), nun concerto incluído no **Festival Acròbates**.



Sala Luz de Gas (Barcelona), marzo 2015



Festival do Castro (Pantón, Lugo), agosto 2017



A xustiza pola man recolle 10 poemas escritos hai máis de 130 anos pero que tratan temas tan actuais como a desigualdade social, a emigración, o abandono da terra ou a frustración. Coa súa elección, **O Val das Mouras** pretende render a súa pequena homenaxe a todas aquelas persoas que sofren as inxustizas da sociedade na que vivimos.

A nivel musical, manteñen a formación orixinal de **voz, guitarra, frauta, violonchelo e percusión**, pero engaden gaitas, instrumentos de orixe galega, acordeón e teclados. Ritmos de xota, muiñeira, pop ou ska mestúranse neste novo disco que segue a conservar a esencia folk que os caracterizou dende o primeiro día.

Laura Lorenzo · voz
Joana Marcè · frauta
David Fernández · guitarra
Alex Rodríguez · violonchelo
Carles Mesa · percusión e acordeón

Contacto / contratación:

David Fernández · 666 135 294
Joana Marcè · 617 231 799
ovaldasmouras@gmail.com

Búscanos en:



www.ovaldasmouras.com